

IDENTIDADE

TALLER DE ARTISTA CON MARISA GONZÁLEZ

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
26-27 maio 2016



O taller que propón Marisa González (Bilbao, 1945), desenvolverase ao redor da súa práctica artística no marco da exposición *Registros domesticados*, que pode visitarse no CGAC até o 19 de xuño de 2016.

Esta mostra reúne as motivacións temáticas, técnicas e formais que, ao longo de corenta e cinco anos, marcaron a traxectoria dunha artista que foi pioneira, en España e no panorama internacional, na aplicación das novas tecnoloxías de reprodución e comunicación na creación artística. Desde os anos setenta aborda temas como a memoria e a arqueoloxía industrial, a reciclaxe, a ecoloxía, o feminismo ou a marxinalidade das minorías.

O taller centrarase nos diálogos entre a máquina, a percepción e a acción.

TALLER

PRIMEIRA SESIÓN. XOVES, 26 DE MAIO, DE 16:30 A 18:30 H

Durante a primeira parte do taller trataranse os seguintes temas:

- Desenvolvemento e evolución dunha obra multidisciplinar mediante unha lectura paralela do desenvolvemento das ferramentas da comunicación no século XX e a aplicación das ditas ferramentas como instrumentos de creación.
- A vinculación coa arte tecnolóxica nace da incorporación das ferramentas da comunicación á produción artística. Estes novos instrumentos, cada un coas súas propiedades, identidade e limitacións xeran un diálogo incorporando os seus recursos, os seus códigos, o seu sinal e a súa pegada, evolucionando en paralelo e servíndose da tecnoloxía como linguaxe e como instrumento.
- A imbricación entre arte e tecnoloxía xera un híbrido formado polas diferentes ferramentas e elementos que configuran o proceso de realización dunha obra denominada *multidisciplinaria* pola súa diversidade de recursos técnicos, o seu concepto e o seu proceso.

SEGUNDA SESIÓN. VENRES, 27 DE MAIO, DE 16:30 A 20:30 H

A segunda parte do taller xirará ao redor dos seguintes temas:

- O espazo/tempo.
- O diálogo visual que emerxe das dificultades para reconstruír unha identidade, entre alegoría, artificio e suxeito ou obxecto.
- A máscara como un *eu* figurado, unha identidade metamorfoseada.
- O desenvolvemento en busca dunha linguaxe persoal.

El taller que propone Marisa González (Bilbao, 1945), se desarrollará en torno a su práctica artística en el marco de la exposición *Registros domesticados*, que puede visitarse en el CGAC hasta el 19 de junio de 2016.

Esta muestra reúne las motivaciones temáticas, técnicas y formales que, a lo largo de cuarenta y cinco años, marcaron la trayectoria de una artista que fue pionera, en España y en el panorama internacional, en la aplicación de las nuevas tecnologías de reproducción y comunicación en la creación artística. Desde los años setenta aborda temas como la memoria y la arqueología industrial, el reciclaje, la ecología, el feminismo o la marginalidad de las minorías.

El taller se centrará en los diálogos entre la máquina, la percepción y la acción.

TALLER

PRIMERA SESIÓN. JUEVES, 26 DE MAYO, DE 16:30 A 18:30 H

Durante la primera parte del taller se tratarán los siguientes temas:

- Desarrollo y evolución de una obra multidisciplinar mediante una lectura paralela del desarrollo de las herramientas de la comunicación en el siglo XX y la aplicación de dichas herramientas como instrumentos de creación.
- La vinculación con el arte tecnológico nace de la incorporación de las herramientas de la comunicación a la producción artística. Estos nuevos instrumentos, cada uno con sus propiedades, identidad y limitaciones generan un diálogo incorporando sus recursos, sus códigos, su impronta y su huella, evolucionando en paralelo y sirviéndose de la tecnología como lenguaje y como instrumento.
- La imbricación entre arte y tecnología genera un híbrido formado por las diferentes herramientas y elementos que configuran el proceso de realización de una obra denominada *multidisciplinaria* por su diversidad de recursos técnicos, su concepto y su proceso.

SEGUNDA SESIÓN. VIERNES, 27 DE MAYO, DE 16:30 A 20:30 H

La segunda parte del taller girará en torno a los siguientes temas:

- El espacio/tempo.
- El diálogo visual que emerge de las dificultades para reconstruir una identidad, entre alegoría, artificio y sujeto u objeto.
- La máscara como un *yo* figurado, una identidad metamorfoseada.
- El desarrollo en busca de un lenguaje personal.

Os asistentes ao taller deberán levar unha cámara de fotos dixital para realizar tomas, seguindo unha liña de procura do próximo partindo dunha imaxe ou obxecto, co fin de indagar nas posibilidades de percepción, transformación e metamorfose do suxeito elixido.

Será posible penetrar no armazón da imaxe, introducirse nel? Non se trata de contemplar imaxes, senón de internarse nos intersticios da realidade creando un novo espazo —escala—, unha historia ao redor do tema elixido por cada participante. Construír unha nova lectura, un novo significado, para elaborar un relato propio.

MARISA GONZÁLEZ é licenciada en Música polo Conservatorio de Bilbao e en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid. Cursou estudos de posgrao no Art Institute de Chicago e na Corcoran School of Art de Washington. Artista pioneira en España nos campos da electrografía e redes de sistemas xenerativos, entre as súas exposicións máis destacadas están *Spanish Video Art*, ULLENS Center, Centro de Arte Contemporánea de Pequín; BAC Festival de Vídeo de Barcelona, Fundación Miró e CCCB, 2009; a Bienal de Venecia de Arquitectura, 2012; *Genealogías feministas*, MUSAC de León, 2012; *La fábrica*, Fundación Telefónica, Madrid, e Sala Rekalde, Bilbao; *La central nuclear Lemóniz*, CAB de Burgos; *Ellas filipinas*, Festival TINAG, Londres, 2012, ou *Registros domesticados* en Tabacalera, Madrid, 2015.

Expuxo en múltiples feiras internacionais como ARCO, Madrid; Loop, Barcelona; Paris Photo; Art Köln, Colonia; SML, São Paulo; Moving Image, Londres, e CIGE, Pequín, así como en festivais de fotografía en América Latina e África. Ademais, participou nas sucesivas edicións de PhotoEspaña desde a súa creación. A súa obra está presente en múltiples coleccións públicas e privadas como as do Museo Reina Sofía de Madrid, o Museo Artium de Vitoria ou o MACBA de Barcelona.

DESTINATARIOS: artistas

PRAZAS: 15

INSCRIPCIÓN: As persoas interesadas poden inscribirse enviando un correo electrónico a cgac.pedagogia@xunta.es ou chamando ao teléfono 981 546 631. As solicitudes deberán ir acompañadas dunha carta de motivación, un breve currículo e un *dossier* profesional (máximo 15 MB). Ademais, deberán incluír os seguintes datos: nome completo, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto. Unha vez que lles confirmemos a inscrición, enviárolles as indicacións precisas para facer efectiva a matrícula.

MATERIAL: Cada participante levará a súa cámara fotográfica ou dispositivo móbil con cámara e unha memoria USB ou unha tarxeta de memoria para exportar os arquivos e recortes de prensa ou fotografías sobre o tema que queiran desenvolver.

MATRÍCULA: 20 €

DIRECCIÓN: Marisa González

COORDINACIÓN: Gema Baños

Los asistentes al taller deberán llevar una cámara de fotos digital para realizar tomas, siguiendo una línea de búsqueda de lo cercano partiendo de una imagen u objeto, con el fin de indagar en las posibilidades de percepción, transformación y metamorfosis del sujeto elegido.

¿Será posible penetrar en el entramado de la imagen, introducirse en él? No se trata de contemplar imágenes, sino de adentrarse en los intersticios de la realidad creando un nuevo espacio —escala—, una historia alrededor del tema elegido por cada participante. Construir una nueva lectura, un nuevo significado, para elaborar un relato propio.

MARISA GONZÁLEZ es licenciada en Música por el Conservatorio de Bilbao y en Bellas Artes por la Universidad Complutense de Madrid. Cursó estudios de posgrado en el Art Institute de Chicago y en la Corcoran School of Art de Washington. Artista pionera en España en los campos de la electrografía y redes de sistemas generativos, entre sus exposiciones más destacadas están *Spanish Video Art*, ULLENS Center, Centro de Arte Contemporáneo de Pekín; BAC Festival de Vídeo de Barcelona, Fundación Miró y CCCB, 2009; la Bienal de Venecia de Arquitectura, 2012; *Genealogías feministas*, MUSAC de León, 2012; *La fábrica*, Fundación Telefónica, Madrid, y Sala Rekalde, Bilbao; *La central nuclear Lemóniz*, CAB de Burgos; *Ellas filipinas*, Festival TINAG, Londres, 2012, o *Registros domesticados* en Tabacalera, Madrid, 2015.

Ha expuesto en múltiples ferias internacionales como ARCO, Madrid; Loop, Barcelona; Paris Photo; Art Köln, Colonia; SML, São Paulo; Moving Image, Londres, y CIGE, Pekín, así como en festivales de fotografía en América Latina y África. Además, ha participado en las sucesivas ediciones de PhotoEspaña desde su creación. Su obra está presente en múltiples colecciones públicas y privadas como las del Museo Reina Sofía de Madrid, el Museo Artium de Vitoria o el MACBA de Barcelona.

DESTINATARIOS: artistas

PLAZAS: 15

INSCRIPCIÓN: Las personas interesadas pueden inscribirse enviando un correo electrónico a cgac.pedagogia@xunta.es o llamando al teléfono 981 546 631. Las solicitudes deberán ir acompañadas de una carta de motivación, un breve currículo y un *dosier* profesional (máximo 15 MB). Además, deberán incluír los siguientes datos: nombre completo, dirección de correo electrónico y teléfono de contacto. Una vez que les confirmemos la inscripción, les enviaremos las indicaciones precisas para hacer efectiva la matrícula.

MATERIAL: Cada participante llevará su cámara fotográfica o dispositivo móvil con cámara y una memoria USB o una tarjeta de memoria para exportar los archivos y recortes de prensa o fotografías sobre el tema que queiran desarrollar.

MATRÍCULA: 20 €

DIRECCIÓN: Marisa González

COORDINACIÓN: Gema Baños

CGAC

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/31 / cgac.pedagogia@xunta.es

www.cgac.org



XUNTA
DE GALICIA

galicia